

razóns de orde pública, o feche, de maneira singularizada, de establecementos que vendan bebidas alcohólicas.

Disposición transitoria primeira. *Zonas de grande afluencia turística.*

Terán a consideración de zonas de grande afluencia turística as que xa a tivesen no momento da entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Definición de Peme.*

Entremetres non se definan legalmente os criterios para a definición de pequena e mediana empresa na lexislación estatal, o criterio que se utilizará será o recollido na recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados os artigos 2 e 3 da Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, complementaria da Lei de ordenación do comercio retallista, e o artigo 43 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, así como calquera disposición anterior que resulte contraria e ela.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase en exercicio das competencias exclusivas do Estado en materia de bases e ordenación da economía, recoñecidas no artigo 149.1.13.ª da Constitución, e co respecto ás competencias en materia de comercio interior das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21496 *REAL DECRETO 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia.* («BOE» 308, do 23-12-2004.)

Polo Real decreto 295/1998, do 27 de febreiro, relativo á aplicación en España das regras europeas de competencia, regulouse a aplicación destes preceptos polos órganos nacionais encargados da defensa da competencia, e realizouse unha atribución xenérica de competencias a cada unha das autoridades nacionais, o Tribunal e o Servizo de Defensa da Competencia, acorde coa distribución interna daquelas.

Esa norma centrouse tamén na definición das facultades e poderes dos funcionarios e axentes acreditados que realizasen verificacións ou investigacións en España, así como na colaboración e asistencia aos funcionarios e axentes da Comisión Europea por parte dos funcionarios ou axentes españois na realización de verificacións no territorio nacional.

Por último, o mencionado real decreto regulou o deber de segredo e o tratamento da información confidencial e estableceu, con carácter xeral, a aplicación das normas de procedemento previstas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e nas súas normas de desenvolvemento.

Recentemente, introducíronse importantes modificacións na normativa comunitaria de competencia que fan necesario adaptar o contido deste real decreto ao novo marco normativo comunitario.

En primeiro lugar, o Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, estableceu un novo sistema de exención legal directamente aplicable para aqueles acordos entre empresas que cumpran as condicións do artigo 81.3 do Tratado sobre mellora da produción ou distribución ou fomento do progreso técnico ou económico. Esta reforma ten o dobre obxectivo de asegurar unha supervisión eficaz e de simplificar, na medida do posible, o control administrativo. Con isto, queda superado o réxime de autorización previa centralizado pola Comisión Europea establecido polo anterior Regulamento n.º 17 do Consello, do 6 de febreiro de 1962, primeiro regulamento de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea.

En consecuencia, este novo sistema de verificación «ex post» e descentralizada implica que tanto a Comisión Europea como as autoridades de competencia e os órganos xurisdiccionais nacionais, estes últimos no ámbito xurisdiccional civil, poderán aplicar os artigos 81 e 82 do Tratado no seu conxunto. Así mesmo, o maior protagonismo da aplicación nacional das normas europeas de competencia exige unha colaboración máis estreita entre as autoridades nacionais e a Comisión Europea, que forman unha rede de autoridades de competencia, para garantir a aplicación coherente e eficaz das normas comunitarias neste ámbito.

Entre as novidades introducidas polo Regulamento (CE) n.º 1/2003 destacan, así mesmo, o establecemento de mecanismos de cooperación entre os órganos xurisdiccionais e a Comisión Europea e as autoridades de competencia nacionais, que se dotan da facultade de presentaren observacións escritas ou orais ante os primeiros cando apliquen os artigos 81 e 82 do Tratado.

Igualmente, para facilitar a detección das infraccións das normas de competencia e protexela eficazmente, completáronse os poderes de investigación da Comisión Europea, que queda facultada para tomar declaracións a toda persoa que poida dispor de información útil e poder gardar constancia das súas declaracións, colocar precintos durante o tempo que sexa necesario para a inspección e para acceder a todos os locais en que se poidan conservar documentos de índole profesional, incluídos locais non destinados a actividades comerciais supeditados á autorización do xuíz nacional.

As autoridades de competencia dos Estados membros deben prestar colaboración activa á Comisión Europea no exercicio das súas facultades en materia de inspección e investigación e, adicionalmente, co fin de facilitar a outras autoridades de competencia comunitarias a aplicación eficaz dos artigos 81 e 82 do Tratado, facúltanse para se prestaren axuda mutua levando a cabo inspeccións e outras medidas de investigación.

En segundo lugar, o Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das

concentracións entre empresas, introduciu modificacións en tres grandes áreas. Por unha parte, no ámbito das cuestións substantivas, aprobouse un novo criterio ou test para a análise das concentracións baseado na posible obstaculización significativa da competencia efectiva no mercado común ou nunha parte substancial deste, en particular, como consecuencia da creación ou reforzo dunha posición dominante.

Por outra parte, no ámbito das cuestións xurisdiccionais, simplificáronse os procedementos de reenvío de expedientes entre os Estados membros e a Comisión Europea e introduciuse un procedemento para o reenvío de expedientes entre autoridades na fase previa á notificación, indicándose a necesaria cooperación entre as autoridades de competencia para o bo funcionamento destes mecanismos. Ademais, aclarouse o réxime para o cómputo de prazos na instrución dos expedientes de dimensión comunitaria que se remitan a un Estado membro.

Finalmente, en relación con cuestións de procedemento, aumentouse a flexibilidade nos prazos para levar a cabo as investigacións sobre as concentracións máis complexas e reforzáronse os poderes de investigación da Comisión Europea, dispóndose que as autoridades nacionais deberán prestar asistencia activa nos procedementos de inspección.

En terceiro lugar, de acordo coa nova estrutura orgánica do Ministerio de Economía e Facenda e, en particular, co artigo 15 do Real decreto 1552/2004, do 25 de xuño, as funcións do Servizo de Defensa da Competencia atribúense á Dirección Xeral de Defensa da Competencia.

Por todo o exposto anteriormente, optouse pola elaboración dun novo real decreto de aplicación en España das normas comunitarias de competencia que recolla todas estas modificacións, ben que se procurase, en xeral, manter unha liña de continuidade básica coas previsións do Real decreto 295/1998, do 27 de febreiro, que agora se derroga.

No marco da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, cuxo artigo 1, no seu número 5.a) e d), atribúe ao Estado a aplicación das normas contidas no capítulo II e no capítulo III do título I da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e a aplicación en España dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, respectivamente, neste novo real decreto atribúense as competencias e obrigas derivadas da normativa comunitaria aos órganos de defensa da competencia estatal, que constitúen as autoridades de competencia en España para efectos do artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 1/2003. Así mesmo, regúlanse as tarefas de colaboración coa Comisión Europea, cos órganos xurisdiccionais nacionais e coas autoridades nacionais de competencia doutros Estados membros, delimitáanse as facultades dos funcionarios ou axentes que realicen inspeccións en España, prevese o réxime aplicable ao deber de segredo e á información confidencial respecto ás actuacións que deriven da aplicación deste real decreto, así como a cooperación cos órganos xurisdiccionais, e determináanse as normas de procedemento que rexerán a aplicación das normas comunitarias por parte das autoridades nacionais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de decembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Atribución de competencias de resolución ou ditame.*

1. De acordo co artigo 25.c) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, o Tribunal de Defensa da Competencia é a autoridade nacional competente para resolver, incluíndo, se for o caso, a imposición da correspondente sanción, os expedientes en aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado, sen prexuízo das competencias que correspondan no ámbito da xurisdición civil.

2. O Tribunal de Defensa da Competencia é a autoridade nacional competente para ditaminar, de acordo co previsto no número 1 do artigo 15 bis e no artigo 16 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, sobre os expedientes de control de concentracións que sexan remitidos pola Comisión Europea en virtude do número 4 do artigo 4 e do artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

3. O Consello de Ministros é a autoridade nacional competente para decidir, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, sobre as concentracións empresariais de dimensión comunitaria que sexan remitidas pola Comisión Europea en aplicación do número 4 do artigo 4 e do artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas. Así mesmo, é a autoridade competente para adoptar as medidas pertinentes en aplicación do previsto no número 4 do artigo 21 dese regulamento.

Artigo 2. *Atribución de competencias de instrución.*

1. De conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, o Servizo de Defensa da Competencia é o órgano nacional encargado da instrución dos procedementos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu dereito derivado, sen prexuízo das competencias que correspondan no ámbito da xurisdición civil.

2. O Servizo de Defensa da Competencia é o órgano nacional encargado de solicitar á Comisión Europea a aplicación do artigo 9 e do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas. Igualmente, é o órgano encargado de resolver con respecto ás solicitudes de remisión de asuntos que se reciban en aplicación dos números 4 e 5 do artigo 4 do citado regulamento.

3. Así mesmo, o Servizo de Defensa da Competencia é o órgano nacional competente para, de acordo co previsto no artigo 15 e seguintes da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e nas normas de desenvolvemento, analizar e elevar ao ministro de Economía e Facenda o informe e a proposta relativa á remisión ou non ao Tribunal de Defensa da Competencia dos expedientes das concentracións de dimensión comunitaria que a Comisión Europea remita en virtude do número 4 do artigo 4 e do citado artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

Artigo 3. *Atribución de competencias de información.*

O Tribunal e o Servizo de Defensa da Competencia, no ámbito das súas respectivas competencias, informarán a Comisión Europea de acordo co disposto nos números 3 e 4 do artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das

normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado.

Artigo 4. *Atribución de competencias para os efectos da colaboración coas autoridades comunitarias.*

Sen prexuízo das competencias que, con carácter xeral, correspondan ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, o Servizo de Defensa da Competencia será considerado a autoridade competente para os efectos das funcións de colaboración entre a Administración pública española e a Comisión das Comunidades Europeas na aplicación en España das normas comunitarias sobre competencia. Estas funcións realizaranse en coordinación cos departamentos sectoriais competentes das administracións públicas.

Artigo 5. *Toma de declaracións e realización de verificacións ou investigacións en colaboración coa Comisión Europea.*

1. Os funcionarios ou axentes do Servizo de Defensa da Competencia, autorizados por un acordo do director do servizo, poderán axudar os axentes e demais persoas acreditadas pola Comisión Europea na toma de declaracións en territorio español, de acordo co número 2 do artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, e co número 7 do artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004.

2. Por petición da Comisión Europea, os funcionarios ou axentes do Servizo de Defensa da Competencia, debidamente autorizados por un acordo do director do servizo, deberán prestar asistencia aos axentes e demais persoas acreditadas para o efecto pola Comisión Europea na realización de inspeccións en territorio nacional, de acordo cos números 5 e 6 do artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, e cos números 5 e 6 do artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, e poderá requirir, se é o caso, un mandamento xudicial e, se é preciso, a acción da policía ou forza pública equivalente a través dos procedementos establecidos para o efecto.

3. Os axentes ou funcionarios, acreditados segundo o número 2 anterior, que asistan a Comisión Europea no desenvolvemento de inspeccións en empresas ou asociacións de empresas gozarán dos poderes previstos no artigo 20.2 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, e no artigo 13.2 do Regulamento (CE) n.º 139/2004, do 20 de xaneiro de 2004.

4. De acordo co número 4 do artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, os funcionarios ou axentes do Servizo de Defensa da Competencia, por petición da Comisión Europea e debidamente autorizados por un acordo do director do Servizo, deberán prestar a asistencia necesaria aos axentes e demais persoas acreditadas pola Comisión Europea na realización das inspeccións de locais, terreos ou medios de transporte alleos ás empresas, incluídos domicilios particulares. Para tal efecto, deberán solicitar o correspondente mandamento xudicial e, se é o caso, a acción da policía ou forza pública equivalente.

5. Os funcionarios ou axentes, acreditados segundo o número 4 anterior, desfrutarán das facultades previstas no artigo 20.2.a), b) e c) do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002.

6. De acordo co número 2 do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, e cos números 1 e 2 do artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, o Servizo de Defensa da Competencia, por instancia da Comisión Europea, procederá a realizar as inspeccións correspondentes, que serán levadas a cabo por funciona-

rios ou axentes dese servizo, autorizados debidamente mediante un acordo do director do servizo, en que fará constar a solicitude da Comisión Europea, o obxecto e a finalidade da verificación.

7. Os axentes ou funcionarios, acreditados segundo o número 6 anterior, terán as facultades previstas nos artigos 33 e 34 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

8. En todo caso, observaranse os requisitos materiais e procesuais de protección dos dereitos e garantías fundamentais que sexan de aplicación ao caso.

Artigo 6. *Colaboración coas autoridades nacionais de competencia doutros Estados membros da Unión Europea.*

1. O Servizo de Defensa da Competencia é a autoridade competente para a colaboración coas autoridades nacionais de competencia doutros Estados membros da Unión Europea en aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea.

2. De acordo co número 1 do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, o Servizo de Defensa da Competencia poderá realizar, no seu territorio, calquera inspección ou outra medida de investigación dos feitos, no marco da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, por instancia e en nome e por conta da autoridade de competencia doutro Estado membro, para demostrar a existencia dunha infracción do artigo 81 ou do artigo 82 do Tratado da Comunidade Europea.

3. Sen prexuízo do contido dos números anteriores, o Tribunal de Defensa da Competencia poderá cooperar coa Comisión Europea e cos organismos homólogos doutros Estados membros.

Artigo 7. *Deber de segredo e tratamento da información confidencial.*

Os funcionarios, axentes e órganos españois, para a utilización e divulgación da información obtida en uso das facultades outorgadas por este real decreto, estarán sometidos aos artigos 52 e 53 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, sen prexuízo do establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, e nas normas correspondentes do resto do dereito derivado europeo de competencia.

Artigo 8. *Cooperación cos órganos xurisdiccionais nacionais.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia, pola súa iniciativa ou por proposta do Servizo de Defensa da Competencia, é a autoridade competente para presentar observacións escritas ou verbais aos órganos xurisdiccionais nacionais nos procedementos de ámbito xurisdiccional civil de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, e para solicitar para eses efectos a remisión dos documentos necesarios para realizar a valoración sobre os asuntos, de acordo co número 3 do artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002.

2. De acordo coa disposición adicional única da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, os xulgados e tribunais remitirán ao Servizo de Defensa da Competencia, ao mesmo tempo da súa notificación ás partes, unha copia das sentenzas ditadas nos procedementos xudiciais civís en aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea a que se refire o artigo 86 ter da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para a súa posterior remisión á Comisión Europea.

Artigo 9. Regras de procedemento.

Nos casos de aplicación en España do dereito comunitario da competencia, o Servizo de Defensa da Competencia na fase de instrución, o Tribunal de Defensa da Competencia na fase de resolución ou de ditame e o Consello de Ministros en relación coas súas competencias en materia de operacións de concentración aplicarán as normas de procedemento establecidas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, nas normas regulamentarias que a desenvolvan, neste real decreto e, supletoriamente, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. Modificacións dos regulamentos comunitarios.

As referencias realizadas neste real decreto a artigos específicos dos Regulamentos (CE) n.º 1/2003 e n.º 139/2004 entenderanse realizadas, se é o caso, aos das normas que os substitúan.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Derrógase o Real decreto 295/1998, do 27 de febreiro, relativo á aplicación en España das regras europeas de competencia.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento.

Autorízase o Ministro de Economía e Facenda para o desenvolvemento normativo deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21499 *REAL DECRETO 2297/2004, do 10 de decembro, de modificación do Real decreto 556/1998, do 2 de abril, que establece as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais exixida pola normativa veterinaria. («BOE» 308, do 23-12-2004.)*

Mediante o Real decreto 556/1998, do 2 de abril, que establece as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais exixida pola normativa veterinaria, incorporouse ao noso ordenamento a Directiva 96/93/CE do Consello, do 17 de decembro de 1996, relativa á certificación de animais e produtos animais.

Á vista da experiencia adquirida e para adecuar o contido do número 4 do seu artigo 3 a esa directiva, procede realizar unha modificación de tal precepto, para clarificar que os axentes certificadores non deben estar suxeitos a unha relación de emprego estable cos responsables dos

animais ou produtos que deban certificar, ou das explotacións ou os establecementos de onde procedan.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de decembro de 2004,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 556/1998, do 2 de abril, que establece as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais exixida pola normativa veterinaria.*

O número 4 do artigo 3 do Real decreto 556/1998, do 2 de abril, que establece as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais exixida pola normativa veterinaria, queda redactado nos seguintes termos:

«4. Ocupar unha posición tal que a súa imparcialidade quede garantida, e carecer de intereses comerciais directos nos animais ou produtos que deban certificar ou nas explotacións ou nos establecementos de onde procedan. En todo caso, os axentes certificadores non deberán estar suxeitos a unha relación de emprego estable cos responsables dos animais ou produtos que deban certificar, ou das explotacións ou dos establecementos de onde procedan.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21560 *REAL DECRETO 2347/2004, do 23 de decembro, de modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, en materia de salario medio anual do conxunto de contribuíntes e de retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo. («BOE» 309, do 24-12-2004.)*

O número 1 do artigo 103 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, establece que as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos se fixarán regulamentariamente, tomando como referencia o importe que resultaría de aplicar as tarifas á base da retención ou ingreso á conta.